



BASES XERAIS E ESPECÍFICAS PARA A CONTRATACIÓN POR CONCURSO LIBRE, DE CINCO AUXILIARES DE AXUDA NO FOGAR EN RÉXIME LABORAL TEMPORAL.

BASES XERAIS

1.- Obxecto da convocatoria e normas xerais.

O obxecto desta convocatoria é a selección de CINCO AUXILIARES DE AXUDA NO FOGAR mediante a contratación laboral temporal, a xornada completa (40 horas/semana), coa finalidade de colaborar na prestación do servizo de axuda no fogar do Concello, con plena dispoñibilidade horaria, segundo o establecido nas ordenanzas do servizo de axuda no fogar do Concello de Paderne.

As retribucións serán de 893,60 € brutos mensuais, incluída a parte proporcional das pagas extraordinarias, e gastos adicionais.

2.- Sistema de selección e duración

Concurso de méritos.

Duración: A duración do contrato será ata o 31 de maio de 2017.

3.-Condicións dos aspirantes.

Para tomar parte nas probas selectivas, os aspirantes deberán reunir os seguintes requisitos, referidos todos e cada un deles á data na que remate o prazo de presentación de solicitudes.

- a) Ter a nacionalidade española ou ser nacional doutro Estado membro da U.E. ou daqueles Estados aos que se refire e nas condicións que establece o artigo 57 da Lei 7/2007 do 12 de abril, do Estatuto básico do empregado público.
- b) Ter cumprida a idade de dezaseis anos e non exceder, no seu caso, da idade máxima de xubilación forzosa.
- c) Estar en posesión do certificado de profesionalidade de Atención sociosanitaria a persoas no domicilio ou calquera outro título ou certificado que se publique cos mesmos efectos profesionais segundo o establecido na Resolución de 3 de novembro de 2015 da Secretaría de Estado de Servizos Sociais e Igualdade.
- d) Posuír a capacidade funcional para o desenvolvemento das tarefas habituais da praza á que se aspira.
- e) Non ter sido separado, mediante expediente disciplinario, do servizo do Estado, das Comunidades Autónomas ou das Entidades Locais, nin estar inhabilitado para o exercicio de funcións públicas. Idéntico requisito esixirase aos nacionais dos demais Estados membros da U.E., no seu caso.

f) Estar en posesión do carné de conducir, ou en condicións de obtelos na data na que remate o prazo de presentación de instancias , e dispoñibilidade de vehículo.

4.-Presentación de instancias.

As solicitudes de participación nas distintas probas selectivas presentaranse mediante instancia dirixida ao Sr. alcalde do Concello de Paderne .

Presentaranse no rexistro xeral do Concello de Paderne, durante o prazo de cinco días naturais contados a partir do seguinte ao da publicación do anuncio da convocatoria no Taboleiro de anuncios e Diario de difusión provincial. As instancias tamén poderán remitirse en calquera das formas previstas no artigo 38.4 da Lei de réxime xurídico das administracións públicas e do procedemento administrativo común.

Á instancia achegaranse inescusablemente:

- a) Fotocopia compulsada do DNI ou documentación equivalente.
- b) Fotocopia compulsada do título esixido na base 3.c para participar neste proceso selectivo.
- c) Fotocopia compulsada do Carnet de conducir
- d) Declaración xurada de dispoñibilidade de vehículo para a prestación do servizo.
- e) Relación circunstanciada dos méritos que se aleguen, unindo á devandita relación os documentos xustificativos dos mesmos (orixinais ou fotocopias compulsadas), xa que non se tomarán en consideración, nin se avaliarán aqueles que non queden debidamente acreditados, en todos os seus extremos, no momento da presentación da instancia e dentro do prazo conferido para a súa presentación.

No caso de non presentar instancia persoalmente no Rexistro de entrada municipal, o solicitante deberá advertir tal circunstancia ao Concello, ben telefónicamente no número 981 797001 (Axencia de Emprego e desenvolvemento local) ou ben via fax no número 981 797035. O horario de rexistro das oficinas municipais e de 8.30 a 14.30 de luns a venres.

5.-Admisión de aspirantes. Data e lugar de celebración das probas.

Rematado o prazo de presentación de instancias, o alcalde, ou órgano delegado, ditará resolución na que se aprobará a listaxe provisional de admitidos e excluídos que se fará pública no Taboleiro de edictos municipal, concedéndose un prazo de tres días hábiles para os efectos de reclamacións dos participantes.

As reclamacións, se as houbera, serán resoltas na resolución pola que se aprobe a listaxe definitiva, que se publicará do mesmo xeito que a provisional. Nesta mesma resolución figurará a composición do tribunal, lugar, data e hora do desenvolvemento do concurso.

No caso de que, por circunstancias excepcionais, houbera que modificar o lugar, a data ou a hora da realización do concurso, publicarase de igual xeito no Taboleiro de edictos municipal.

6.-Tribunais cualificadores.

O tribunal cualificador do proceso selectivo designarase a teor e de conformidade co sinalado no artigo 60 da Lei 7/07 do 12 do E.B.E.P.

Presidente: O funcionario ou persoal laboral da Corporación que se nomee.

Secretario: O funcionario ou persoal laboral da Corporación que se nomee.

Vogais: Tres vogais designados pola Alcaldía ou órgano delegado.

O tribunal poderá dispoñer a incorporación de asesores especialistas para as probas en que así o estime necesario ou axeitado. Os ditos asesores actuarán con voz e sen voto, e limitaranse ao exercicio das especialidades técnicas en base ás cales colaboran co tribunal.

7.-Desenvolvemento das proba e programas.

Os aspirantes serán convocados á entrevista en único chamamento e por orde alfabética, e serán excluídos do proceso selectivo os que non comparezan, agás os casos debidamente xustificadas e libremente apreciados polo tribunal.

A publicación dos sucesivos anuncios relativos ao desenvolvemento desta convocatoria, efectuarase no taboleiro de anuncios da Corporación.

8.- Relación de aprobados, presentación de documentos e contratación

8.1.- Concluídas as probas, o tribunal publicará a relación de aprobados por orde descendente de puntuación, sen poder superar estes o número de prazas convocadas e elevará a devandita relación, xunto coa acta da última sesión, á Alcaldía ou órgano delegado quen efectuará a contratación.

8.2.- No prazo de cinco días naturais a contar desde o seguinte a aquel no que se fixeron públicas as listas, os aspirantes aprobados deberán presentar na Área de Persoal do Concello a seguinte documentación:

1. Orixinal do seu documento nacional de identidade ou documentación equivalente.
2. Orixinal do título ou diploma en base ao cal se procedeu á admisión, ou ben xustificante de ter cumpridos todos os requisitos para a expedición do mesmo. Se estes documentos se expediran despois da data de remate do prazo de presentación de instancias, deberán xustificarse á data na que finalizaron os correspondentes estudos.
3. Recoñecemento médico acreditativo de posuír a capacidade funcional para o desempeño das tarefas habituais da praza á que se opta.
4. Declaración xurada de non ter sido separado, mediante expediente disciplinario, do servizo do Estado, das Comunidades Autónomas ou das Entidades locais, nin atoparse inhabilitado para o exercicio de funcións públicas por sentenza firme.
5. Declaración xurada de non atoparse incurso en ningún dos supostos de incapacidade específica consonte á normativa vixente.
6. Declaración xurada de non incorrer en ningún dos supostos de incompatibilidade establecidos na lexislación sobre a materia.
7. Orixinal da cartilla da seguridade social (no caso de ter estado de alta).

8.3.- Ante a imposibilidade, debidamente xustificada, de presentar a documentación requirida, poderá acreditarse que se reúnen as condicións esixidas na convocatoria, mediante calquera medio de proba admisible en dereito.

8.4.- Quen dentro do prazo indicado e salvo casos de forza maior non presentara a documentación, non poderá ser contratado, quedando anuladas todas as súas actuacións, sen prexuízo da responsabilidade na que puideran incorrer por falsidade na súa instancia.

8.5.- Cumpridos os requisitos referidos, o alcalde ou órgano delegado realizará a contratación do aspirante proposto.

8.6.- O aspirante co que se formalice a contratación estará obrigado a prestar a súa xornada de traballo na medida e forma requiridas polo interese do servizo, con horario de mañá ou tarde, ou fraccionando a xornada se fora preciso. Quedará sometido a un período de proba co alcance previsto no artigo 14 do Estatuto dos Traballadores.

9.- Listaxe de reserva.

Para a cobertura de prazas con carácter interino ou a celebración de contratos laborais con carácter temporal poderá acudir ao proceso selectivo finalizado ao abeiro desta convocatoria ou doutros anteriores nos que houbera aspirantes que, superando algún dos exercicios, non obtiveran praza, debendo optarse polos aspirantes que superaran maior número de probas e que acumulen mellor puntuación.

Cando un dos aspirantes incluídos na listaxe fose chamado para ocupar un posto, ao rematar o período de contratación recuperará o seu lugar inicial na mesma, de xeito que pode ser chamado novamente para outra contratación, agás renuncie expresamente á súa incorporación.

10.- Recursos.

Contra esta resolución, que pon fin á vía administrativa, poderase interpoñer recurso contencioso-administrativo ante a Sala do contencioso-administrativo do Tribunal Superior de Xustiza de Galicia no prazo de dous meses contados a partir do días seguinte á recepción da presente notificación (artigos 8, 14 e 46 da Lei 29/1998, do 13 de xullo, reguladora da xurisdicción contencioso-administrativa), ou ben, previamente e con carácter potestativo, recurso de reposición ante o órgano autor da disposición impugnada, no prazo dun mes (artigo 116 da Lei 30/1992, do 26 de novembro), sen prexuízo de que os interesados poidan exercitar, no seu caso, calquera outro que estimen procedente.

BASES ESPECÍFICAS

Sistema de selección.

Concurso de méritos.

CONCURSO DE MÉRITOS:

1. Méritos a avaliar:

Todos os méritos obxecto de valoración deberán ser achegados dentro do prazo de presentación de instancias.

a) Servizos prestados con anterioridade na administración pública en postos de similar natureza ó obxecto do servizo a prestar reflectido no punto 1 das bases xerais, avaliarase outorgando 0,40 puntos por mes traballado. Os servizos prestados na empresa privada valorarase 0,20 puntos. Este apartado valorarase ata un máximo de 4 puntos.

Os méritos alegados polos aspirantes deberán acreditarse do seguinte xeito: contratos de traballo debidamente rexistrados, ou certificado de empresa no que figure o posto desempeñado, acompañados inescusablemente de xustificante de vida laboral expedido polo Organismo Competente da Seguridade Social, A estes efectos non se computarán os servizos que prestara simultaneamente con outros igualmente alegados e reduciranse proporcionalmente os prestados a tempo parcial. Non se computarán servizos inferiores ao mes considerando este de trinta días.

b) Cursos de formación realizados en institucións públicas ou organismos oficiais homologados que teñan relación coas funcións obxecto de contratación definidas no punto 1 das bases xerais.

A valoración máxima deste apartado será de 3 puntos, segundo o seguinte baremo:
- 0,05 puntos por cada 10 horas lectivas.

Os diplomas ou documentos que acrediten a realización dos cursos deberán expresar a súa duración en horas ou xornadas completas e expresar con suficiente claridade o seu contido básico, no caso de que non reflectan o número de horas equipararase aos cursos de duración inferior. Dentro da denominación de "curso" enténdense incluídos os "seminarios", "xornadas" e "simposios" e termos equivalentes.

Só se estimarán os cursos impartidos por organismos da administración, institucións públicas ou centros homologados para o efecto.

c) Coñecemento da lingua galega:.

Celga 1 : 0,25 punto

Celga 2 : 0,50 puntos

Celga 3: 0,75 puntos

Celga 4: 1 punto

De acreditar varios cursos valorarase só o de maior puntuación

d) Entrevista.- Se o Tribunal o considera necesario, realizarase ós aspirantes unha entrevista curricular e relacionada coas funcións do posto de traballo valorandose a experiencia en postos similares e o coñecemento do municipio. Outorgarase unha puntuación de 0 a 2 puntos.

Paderne 24 de marzo de 2017

O Alcalde-Presidente

Asdo. César Longo Queijo

D/D^a.....

titular do DNI nº....., e con enderezo a efectos de notificación,

en.....,

CP....., Teléfono:.....

EXPOÑO:

Que solicito ser admitido/a para as probas de proceso selectivo por concurso correspondente a un posto de AUXILIAR DE AXUDA NO FOGAR, de acordo coa convocatoria publicada no Taboleiro de Edictos do Concello.

Declaro coñecer as Bases reguladoras desta convocatoria.

Que reúno todos os requisitos esixidos na Base cuarta.

Que achego a esta solicitude, de acordo coas citadas bases, a documentación seguinte:

- Fotocopia compulsada do carnet de identidade.
- Fotocopia compulsada do título exisido
- Fotocopia compulsada carntet conducir
- Declaracion xurada de dispoñibilidade de vehículo
- Outros méritos

.....
.....
.....
.....

En Base ó exposto:

SOLICITO:

A miña inclusión no proceso selectivo, convocado polo Concello de Paderne.

Paderne, de de 2017